

Anexo 4. Análise descritivo das respostas dos  
questionarios dirixidos aos alumnos.



## Contido

Relación de Táboas .....	510
Introdución.....	513
A asistencia dos nenos menores de tres anos a un centro. ....	515
Preferencia dos alumnos por que os nenos menores de tres anos queden na casa o vaian a un centro. ....	515
Considera necesario que os nenos de 2 a 3 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.....	516
Considera necesario que os nenos de 1 a 2 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.....	517
Considera necesario que os nenos menores dun ano asistan a unha escola infantil ou gardería.....	517
Razóns para que os nenos menores de tres anos acudan a un centro.....	518
A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 2 a 3 anos a unha escola infantil ou gardería é? .....	518
A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 1 a 2 anos. ....	519
A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as menores dun ano.....	520
A asistencia dos nenos de tres a seis anos a un centro.....	521
Considera necesario que os nenos de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.....	521
P.4 a razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 3 a 6 anos. ....	522
A prioridade das administracións.....	522
A qué deberían as administracións públicas dar prioridade. ....	523
Onde aprenden mellor os nenos/as.....	523
Que é importante nunha gardería ou nunha escola infantil (para recibir unha atención de calidade) .....	526
A hora de escoller un centro, cal sería o máis importante?.....	526
E cal sería o segundo máis importante?.....	527
En que medida son importantes as seguintes características nun escola infantil ou gardería? .....	528
Cal é o principal problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos? .....	531
Cal é o segundo problema das escolas infantís ou garderías para menores de 3 anos? .....	532
É necesario adecuar os horarios dos nenos/as na Educación Infantil os horarios dos seus pais?.....	533
O ciclo 0-3 é máis de coidados ou máis educativo.....	534

Ferramentas para a conciliación. ....	534
Que tomar en consideración a hora de facer unha actividade .....	535
Opinión sobre algunhas afirmacións sobre as función dos técnicos .....	536
Cuestionario alumnos.....	539

## Relación de Táboas

<b>Táboa 1.</b> Opinión dos alumnos sobre permanecer na casa ou levar os nenos a un centro.....	516
<b>Táboa 2.</b> Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 2 a 3 anos .....	516
<b>Táboa 3.</b> Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 1 a 2 anos .....	517
<b>Táboa 4.</b> Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as menores dun ano.....	517
<b>Táboa 5.</b> Razón para que os nenos de 3 e 2 anos acudan a un centro. ....	519
<b>Táboa 6.</b> Razón para que os nenos de 2 e 1 anos acudan a un centro. ....	519
<b>Táboa 7.</b> Razón para que os nenos menores dun ano acudan a un centro. ....	520
<b>Táboa 8.</b> Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 3 a 6 anos .....	521
<b>Táboa 9.</b> Razón para que os nenos de 3 a 6 anos acudan a un centro .....	522
<b>Táboa 10.</b> A administración debería dar prioridade a... ..	523
<b>Táboa 11.</b> Onde aprenden mellor os nenos a expresar as súas necesidades básicas. ....	524
<b>Táboa 12.</b> Onde aprenden mellor os nenos a comer eles solos, a lavar as mans... ..	524
<b>Táboa 13.</b> Onde aprenden mellor os nenos a controlar o seu corpo, manter o equilibrio... ..	524
<b>Táboa 14.</b> Onde aprenden mellor os nenos a comunicarse cos demais .....	525
<b>Táboa 15.</b> Onde aprenden mellor os nenos a explorar o seu entorno .....	525
<b>Táboa 16.</b> Onde aprenden mellor os nenos as rutinas as normas.....	525
<b>Táboa 17.</b> O máis importante para escoller un centro. ....	526
<b>Táboa 18.</b> O segundo máis importante para escoller un centro. ....	527
<b>Táboa 20.</b> Importancia de que os locais sexan amplos e de boas condicións .....	528
<b>Táboa 21.</b> Importancia de que haxa poucos nenos por aula. ....	528
<b>Táboa 22.</b> Importancia de que haxa un programa educativo específico. ....	529
<b>Táboa 23.</b> Importancia de que o persoal sexa cariñoso e afectuoso.....	529
<b>Táboa 24.</b> Importancia de que ofrezca flexibilidade horaria. ....	529
<b>Táboa 25.</b> Importancia de que se lles de unha alimentación correcta e equilibrada. ....	530
<b>Táboa 26.</b> Importancia de que se lles ofrezca ensinanza de idiomas. ....	530
<b>Táboa 27.</b> Importancia de que teñan servizo de transporte.....	530
<b>Táboa 28.</b> Principal problema das escolas infantís ou garderías. ....	531
<b>Táboa 29.</b> O segundo problema en importancia das escolas infantís ou garderías. ....	532
<b>Táboa 30.</b> Necesidade de adecuar os horarios dos nenos ao horario dos seus pais. ....	533
<b>Táboa 31.</b> Consideración dos alumnos sobre o primeiro ciclo.....	534
<b>Táboa 32.</b> Puntuacións as ferramentas para a conciliación .....	535
<b>Táboa 33.</b> Que consideras necesario para ter un fillo/a?.....	535

<b>Táboa 34.</b> Que resulta importante para deseñar unha actividade.....	536
<b>Táboa 35.</b> Grao de acordo e desacordo acerca da expresión: <i>os técnicos están tan preparados como os mestres</i> .....	536
<b>Táboa 36.</b> Grao de acordo e desacordo acerca da expresión: <i>A titulación de Técnico é un intrusionismo ás opcións dos mestres</i> .....	537
<b>Táboa 37.</b> Grao de acordo e desacordo acerca da expresión: <i>Os técnicos son imprescindibles para as accións de atención e coidado</i> .....	537
<b>Táboa 38.</b> Grao de acordo e desacordo acerca da expresión: <i>Que a educación Infantil estea feminizada é unha vantaxe</i> .....	537



## **Introdución**

Case máis como un exercicio de practica no manexo do cuestionario que como ferramenta de investigación realicei a replicación de moitas das preguntas do barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas, (2778 CIS) sobre unha mostra de individuos accesible, manexable e significativa.

Escollín para tal fin aos alumnos da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo e a Coruña, así como alumnos do Ciclo Superior de Formación Profesional da titulación de Técnico Superior en Educación Infantil en centros de Lugo e Ribadeo.

Cos técnicos superiores tiveron moitas máis dificultades para conseguir unha mostra suficientemente importante xa que o seu universo está máis atomizado e, mentres que os futuros mestres especialistas de educación infantil se reparten nas escolas das catro provincias galegas, a especialidade de Técnico Superior impártese en dous centros da Coruña, un de Ferrol, outro de Santiago de Compostela, un en Lugo, outro en Ribadeo, un en Ourense, outro en Pontevedra, e outro máis en Redondela e finalmente dous en Vigo cun total de 390 prazas, no que se refire a ensino público, multiplicándose a oferta no ensino privado.

A confección do cuestionario non resultou especialmente problemática, tratábase case que exclusivamente de replicar as preguntas máis interesantes do barómetro do CIS, ás que engadín algunha máis que me parecía podían aportar información adicional sobre os alumnos e as súas percepcións do primeiro ciclo.

As pretensións eran diversas, tiña intención de recoller tanto datos que me informaran de se o modelo de convivencia, e as opinións sobre ese modelo influían nas percepcións sobre a infancia e os centros infantís, como datos sobre expectativas na esfera laboral, que tipo de traballo lles gustaría, ou sobre a posibilidade de ter fillos e que situación persoal o favorecía; tamén preguntei cuestións sobre o desempeño laboral futuro como: que valoraban máis a hora de deseñar unha actividade para os nenos; ou cuestións sobre a conciliación.

Certamente, obtiven información adicional, pero non exactamente no sentido de maior precisión nas percepcións e nas opinións dos alumnos, senón que obtiven información sobre cales eran os aspectos a tomar en consideración o redactar as cuestións, en que debía facer fincapé, que preguntas resultaban máis confusas ou cales ofrecían maior porcentaxe de respostas incompletas ou incorrectas.

En verdade, a inclusión no cuestionario de preguntas elaboradas por min supuxo unha interesante lección práctica do emprego desta ferramenta na investigación e análise.

Finalmente, no cuarto trimestre do curso 2009-2010, e máis concretamente no mes de maio, procesei un total de 317 cuestionarios, dos cales 256 eran de alumnado da especialidade de mestres de educación infantil obtidos nas Facultades de Lugo e a Coruña, e de 61 cuestionarios de alumnado do ciclo superior de técnico especialista en educación infantil obtidos en centros de Lugo e Ribadeo.

O método de recollida foi bastante sinxelo, despois de solicitar autorización a dirección dos centros seleccionados, púxenme en contacto cun profesor dos alumnos/as que tivera a amabilidade de deixarme tempo da súa docencia, presentáballes o cuestionario aos alumnos e nese mesmo instante cumprimentaban a enquisa os que o desexaban.

O proceso continuaba coa elaboración dunha matriz no programa estatístico de SPSS 15 na que cargaba todas as variables, en total 81, que fun completando cos datos obtidos nos cuestionarios, estes datos se someteron a análise estatístico descriptiva, probas paramétricas táboas de continxencia, realizando cantas asociacións e relacións entre variables se me ocorreron, co fin de indagar a significación ou non destas relacións.

O exposto nestas páxinas é unha mostra dalgúns destes análises, os que aportaron máis ao meu traballo de investigación, en todos os sentidos, tanto os que me mostraron os erros como os que me proporcionaron respostas ou datos curiosos que reclamaban un tempo.



## **A asistencia dos nenos menores de tres anos a un centro.**

Toda unha serie de cuestións facían alusión a idoneidade de que os menores de tres anos asistiran a un centro de primeira infancia. Preguntaba aos alumnos tanto de forma xenérica como de xeito desagregado polas idade dos nenos se consideraban oportuna a asistencia destes a unha escola infantil ou gardería do mesmo xeito que o facía o CIS. Tamén, polas razóns que lles facía considerar que os nenos deberían acudir aos centros.

As preguntas sobre este tema estaban repartidas o longo de todo o cuestionario entre preguntas que facían referencia a outros asuntos, co que desvirtuaba dalgún xeito a metodoloxía do barómetro que agrupaba todos os grupos de idades nunha única cuestión, supuxen que o modo escollido podía mellorar a sinceridade nas respostas e reducir modos de respostas automatizadas, definitivamente estaba equivocado, en ningún caso era posible constatar a maior bondade na formulación das preguntas tal e como as fixen.

Vou a analizar en primeiro lugar este bloque de cuestión que sempre coa mesma estrutura indagan as opinións que teñen os alumnos de maxisterio e de ciclo superior sobre a asistencia dos nenos a un centro.

### **Preferencia dos alumnos por que os nenos menores de tres anos queden na casa o vaian a un centro.**

A primeira das cuestións deixaba bastante claro o obxecto do cuestionario, preguntando aos alumnos polo súa preferencia de que os nenos menores de tres anos asistan ou non a un centro. As diferenzas entre os dous grupos de alumnos eran visibles e, inda que todos os alumnos en xeral estaban máis de acordo con que os menores de tres anos acudiran a un centro, os estudantes de maxisterio o manifestaban nun 87,9% mentres que os de técnico superior o facían nun 67,2% (Táboa 1.)

### Con cal das dúas frase está máis de acordo

	Frecuencia Total	Porcentaxe Total	Porcentaxe alumnos de maxisterio	Porcentaxe alumnos de TS
Que os menores de 3 anos permanezan na casa	38	12,0	7,8	29,5
Que os menores de 3 anos asistan a unha escola infantil ou gardería	266	83,9	87,9	67,2
Non sabe	12	3,8	3,9	3,3
Non contesta	1	,3	,4	,0
Total	317	100,0	100,0	100,0

**Táboa 1.** Opinión dos alumnos sobre permanecer na casa ou levar os nenos a un centro

O que resulta un pouco incoherente é que cando se lles pregunta a estes mesmos alumnos pola necesidade de que os nenos acudan a unha escola infantil ou gardería de xeito desagregado, por tramos de idades, en todas as idades son os alumnos de ciclo superior os que presentan porcentaxes máis elevados nas respostas de consideralo necesario *en tódolos casos*.

### Considera necesario que os nenos de 2 a 3 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.

#### Considera necesario que os nenos/as de 2 a 3 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?

	Frecuencia total	Porcentaxe total	Porcentaxe alumnos de maxisterio	Porcentaxe alumnos de TS
En tódolos casos	101	31,9	30,1	39,3
Nalgúns casos	206	65,0	66,8	57,4
En ningún caso	6	1,9	1,6	3,3
N.S.	4	1,3	1,6	
Total	317	100,0	100,0	100,0

**Táboa 2.** Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 2 a 3 anos

Por exemplo, xa nos nenos de 2 a 3 anos (táboa 2.) os alumnos do ciclo superior escollen a opción *en tódolos casos* nunha porcentaxe superior aos alumnos de maxisterio (9 puntos porcentuais máis), e aínda que despois as respostas se equilibran na seguinte opción de respostas (na opción *Nalgún caso* son os alumnos de maxisterio os que presentan porcentaxes 9 puntos superiores aos de ciclo superior) a porcentaxe de respostas non parece moi congruente coas respostas a primeira cuestión.

**Considera necesario que os nenos de 1 a 2 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.**

**Considera necesario que os nenos/as de 1 a 2 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?**

	<b>Frecuencia total</b>	<b>Porcentaxe total</b>	<b>Porcentaxe alumnos de maxisterio</b>	<b>Porcentaxe alumnos de TS</b>
En tódolos casos	41	12,9	9,0	29,5
Nalgúns casos	225	71,0	72,7	63,9
En ningún caso	32	10,1	11,3	4,9
N.S.	17	5,4	6,3	1,6
N.C.	1	,3	,4	,0
Total	316	99,7	99,6	100,0
Perdidos	1	,3	,4	,0
Total	317	100,0	100,0	100,0

**Táboa 3.** Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 1 a 2 anos

**Considera necesario que os nenos menores dun ano asistan a unha escola infantil ou gardería.**

**Considera necesario que os nenos/as menores dun ano asistan a unha escola infantil ou gardería?**

	<b>Frecuencia total</b>	<b>Porcentaxe total</b>	<b>Porcentaxe alumnos de maxisterio</b>	<b>Porcentaxe alumnos de TS</b>
En tódolos casos	17	5,4	3,5	13,1
Nalgúns casos	166	52,4	50,8	59,0
En ningún caso	103	32,5	34,0	26,2
N.S.	28	8,8	10,5	1,6
N.C.	3	,9	1,2	,0
Total	317	100,0	100,0	100,0

**Táboa 4.** Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as menores dun ano.

Os alumnos tanto de maxisterio como de ciclo superior reducen as porcentaxes de respostas na consideración de asistencia a un centro de primeira infancia segundo diminúe a idade dos nenos. Deste xeito, mentres que nos nenos de dous e tres anos, táboa 2., os estudantes de maxisterio consideran nun 30% que *en tódolos casos* resulta necesario que os nenos acudan a un centro, e os alumnos de ciclo superior pensan o mesmo nun 39% dos casos, a mesma pregunta para os menores dun ano, ofrece respostas do 3,5% nos estudantes de maxisterio, táboa 4. e do 13,% para os alumnos de ciclo superior. En todos os rangos de idade os alumnos de ciclo superior escollen a opción *en*

tódolos casos en porcentaxe claramente superior que os alumnos de maxisterio, especialmente na idade intermedia, táboa 3. nenos de un e dous anos. De aí a miña afirmación anterior que esas porcentaxes de respostas presentaban certa incongruencia coas respostas obtidas na primeira pregunta sobre permanecer na casa o asistir a un centro, Táboa 1.

### **Razóns para que os nenos menores de tres anos acudan a un centro**

Replicando a cuestión do barómetro do CIS, ademais de preguntarlles aos alumnos se consideraban necesario a asistencia dos nenos a un centro, tamén se lles preguntaba, no caso de que a resposta fora afirmativa, cales eran as razóns para que asistiran, e se lles ofrecían cinco opcións:

- *Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado dos nenos/as.*
- *Porque a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.*
- *Porque a escola facilita que os nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.*
- *Porque canto antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.*
- *Por outra razón.*

Os porcentaxes de as opcións seleccionadas polos alumnos nas diferentes idades foron:

**A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 2 a 3 anos a unha escola infantil ou gardería é?**

**A razón porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 2 a 3 é?**

	Frecuencia total	Porcentaxe válido <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de maxisterio <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de TS <sup>2</sup>
Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	38	13,5	14,4	9,4
Porque a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	22	7,8	9,6	,0
Porque a escola facilita cos nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	155	55,0	52,8	64,2
Porque cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	49	17,4	16,6	20,8
Por outra razón	17	6,0	6,1	5,7
N.C.	1	,4	,4	
Total	282	100,0	100,0	100,0
Perdidos <sup>1</sup>	35	11,0	10,5	13,1
Total	317			

(1) son os alumnos que responderon que en *ningún caso* resultaba necesario que os nenos acudiran a un centro

(2) Calculado descontando os perdidos polo sistema.

**Táboa 5.** Razón para que os nenos de 3 e 2 anos acudan a un centro.

**A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 1 a 2 anos.**

**A razón porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 1 a 2 é?**

	Frecuencia total	Porcentaxe válido <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de maxisterio <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de TS <sup>2</sup>
Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	77	30,8	35,4	14,5
Porque a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	10	4,0	4,6	1,8
Porque a escola facilita cos nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	111	44,4	41,5	54,5
Porque cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	25	10,0	7,7	18,2
Por outra razón	23	9,2	9,2	9,1
N.C.	4	1,6	1,5	1,8
Total	250	100,0	100,0	100,0
Perdidos <sup>1</sup>	67	21,1	23,8	9,8
Total	317	100,0		

(1) son os alumnos que responderon que en *ningún caso* resultaba necesario que os nenos acudiran a un centro

(2) Calculado descontando os perdidos polo sistema.

**Táboa 6.** Razón para que os nenos de 2 e 1 anos acudan a un centro.

A primeira opción, *que as nais e pais que traballan resolven mellor o coidado dos fillos* vai aumentando segundo diminúe a idade dos nenos, nos nenos máis maiores, ata os tres anos, ocupaba o terceiro lugar en canto a porcentaxes de elección, táboa 5, pasando ao segundo lugar nos nenos de 1 e 2 anos, táboa 6, para ocupar o primeiro lugar como razón para levar un neno a un centro nos menores dun ano, táboa 7.

**A razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as menores dun ano.**

**A razón porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as menores dun ano é?**

	Frecuencia total	Porcentaxe válido <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de maxisterio <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de TS <sup>2</sup>
Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	93	46,7	49,7	36,4
Porque a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	7	3,5	4,5	,0
Porque a escola facilita cos nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	41	20,6	18,7	27,3
Porque cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	17	8,5	5,8	18,2
Por outra razón	15	7,5	6,5	11,4
N.C.	26	13,1	14,8	6,8
Total	199	100,0	100,0	100,0
Perdidos <sup>1</sup>	118	37,2	39,5	27,9
Total	317	100,0		

(1) son os alumnos que responderon que en *ningún caso* resultaba necesario que os nenos acudiran a un centro

(2) Calculado descontando os perdidos polo sistema

**Táboa 7.** Razón para que os nenos menores dun ano acudan a un centro.

Dúas opcións destacan sobre as demais, son: *Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado dos nenos/as*. E *Porque a escola facilita que os nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade*. Comportándose de xeito inverso, como dixen a opción do coidado medra en porcentaxe de respostas segundo mingua a idade dos nenos, e a convivencia con outros nenos medra segundo medra tamén a idade dos nenos.

Por outra banda, en todas as idades as porcentaxes de respostas na opción de facilitar o coidado é maior entre os alumnos de maxisterio que entre os de ciclo superior, e a de convivir con outros nenos sucédelle xusto o

contrario, é maior os porcentaxe de elección dos alumnos de ciclo superior en todas as idades, xusto o contrario do imaxinado nun principio. A imaxinación é o que ten, e non sei por que razón consideraba que os alumnos de maxisterio escollerían en porcentaxes máis elevados as opcións de *facilitar a convivencia* ou *reducir as desigualdades* e os alumnos de ciclo superior a de *resolver o coidado* pero vai ser que non.

As mesmas cuestións que as analizadas foron propostas para os nenos de 3 a 6 anos, vexamos o resultados das respostas antes de pasar a outro tema.

### **A asistencia dos nenos de tres a seis anos a un centro.**

**Considera necesario que os nenos de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería.**

**Considera necesario cos nenos/as de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería?**

	<b>Frecuencia total</b>	<b>Porcentaxe total</b>	<b>Porcentaxe alumnos de maxisterio</b>	<b>Porcentaxe alumnos de TS</b>
En tódolos casos	244	77,0	84,0	47,5
Nalgúns casos	65	20,5	15,2	42,6
En ningún caso	8	2,5	,8	9,8
Total	317	100,0	100,0	100,0

**Táboa 8.** Necesidade de asistir a un centro dos nenos/as de 3 a 6 anos

As respostas a pregunta son as esperadas, aínda que chama un pouco a atención que os alumnos do ciclo superior respondan case que nun 10% que consideran que *en ningún caso* resulta necesario que os nenos de 3 a 6 anos asistan a unha escola infantil ou gardería. Táboa 8. O reducido número de casos impide a elaboración dun mínimo perfil dos alumnos que responde deste xeito.

#### **P.4 a razón porque consideran que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 3 a 6 anos.**

##### **A razón porque considera que en tódolos ou en algún caso deben acudir os nenos/as de 3 a 6 é?**

	Frecuencia total	Porcentaxe válido <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de maxisterio <sup>2</sup>	Porcentaxe alumnos de TS <sup>2</sup>
Porque así as nais e pais que traballan terán resolto máis facilmente o coidado de nenos/as	10	3,4	3,0	5,6
Porque a escola facilita a redución das diferenzas culturais e sociais.	29	10,0	10,2	9,3
Porque a escola facilita cos nenos e as nenas convivan con outros da súa mesma idade.	163	56,2	56,4	55,6
Porque cando antes empecen os nenos/as a adquirir os coñecementos e destrezas necesarios mellor.	73	25,2	26,7	18,5
Por outra razón	9	3,1	3,0	3,7
N.C.	6	2,1	,8	7,4
Total	290	100,0	100,0	100,0
Perdidos <sup>1</sup>	27	8,5	7,8	11,5
Total	317	100,0		

**Táboa 9.** Razón para que os nenos de 3 a 6 anos acudan a un centro

Como se pode observar, desaparece a razón do coidado no 2º ciclo de educación infantil, táboa 9., aumentando a de adquirir os coñecementos e destrezas. Unha estrutura claramente incremental en canto a adquirir coñecementos e a importancia dos mesmos, o que fai pensar nun modelo eminentemente escolar distribuído por cursos, e no que a “anticipación” dos coñecementos e destrezas vai cobrando valor.

#### **A prioridade das administracións**

Como digo, o cuestionario aos alumnos resulta unha replica en moitos casos das preguntas feitas polo CIS no seu barómetro 2778, unha delas era esta.



## A qué deberían as administracións públicas dar prioridade.

### A qué deberían as administracións públicas dar prioridade?

	Frecuencia total	Porcentaxe total	Porcentaxe alumnos de maxisterio	Porcentaxe alumnos de TS <sup>2</sup>	Porcentaxe CIS
Facilitar medidas para que pais traballadores teñan tempo	39	12,3	9,0	26,2	52,7
Crear centros (escolas infantís, garderías) onde puideran ser atendidos	64	20,2	21,1	16,4	34,5
Ambas por igual	213	67,2	69,5	57,4	11,6
N.C.	1	,3	,4	,0	1,9
Total	317	100,0	100,0	100,0	100,0

**Táboa 10.** A administración debería dar prioridade a...

Os alumnos parecen preferir nas súas respostas *ambas por igual*, e entre as dúas os alumnos de maxisterio prefiren lixeiramente a de *crear centros*, e os alumnos de ciclo superior *facilitar medidas aos pais*, mentres ,como viramos<sup>1</sup>, a cidadanía por medio do cuestionario do CIS manifesta a súa preferencia por *facilitar medidas aos pais traballadores*.

## Onde aprenden mellor os nenos/as.

Entre as cuestións que presentaba o barómetro, antes mencionado, figuraban unha serie delas que facían referencia ao lugar onde os nenos antes dos 3 anos aprendían mellor unha serie de destrezas, os dous espazos seleccionados como opción eran *na familia (cos seus pais, avós...)* e *na escola*, aínda que se ofrecía a opción de escoller como resposta tamén a de *ambos por igual*. A frecuencia e os porcentaxes foron os que seguen.

---

<sup>1</sup> Anexo 1. Comentarios enquisa Centro de Investigacións Sociolóxicas,CIS, barómetro 2778

**a. Saber expresar as súas necesidades básicas de saúde e benestar (pedir facer pis e caca, pedir as cousas sen chorar...)**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe CIS*
Na familia	120	37,9	58,2
Na escola	38	12,0	23,8
Ambas por igual	159	50,2	15,4
n.s. ; n.c.	0	,0	2,6
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 11.** Onde aprenden mellor os nenos a expresar as súas necesidades básicas.

**b. A resolver por si mesmos algunhas necesidades de alimentación e hixiene (comer eles solos lavarse as mans)**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe CIS*
Na familia	75	23,7	50,5
Na escola	88	27,8	32,6
Ambas por igual	153	48,3	14,6
n.s. ; n.c.	1	,3	2,2
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 12.** Onde aprenden mellor os nenos a comer eles solos, a lavar as mans...

**c. A controlar o seu corpo, manter o equilibrio, non caerse, erguerse...**

	Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe CIS*
Na familia	55	17,4	55,7
Na escola	79	24,9	22,5
Ambas por igual	179	56,5	19,7
n.s. ; n.c.	4	1,3	3,3
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 13.** Onde aprenden mellor os nenos a controlar o seu corpo, manter o equilibrio...

#### **d. A relacionarse e comunicarse cos demais**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe CIS*</b>
Na familia	9	2,8	14,8
Na escola	200	63,1	69,0
Ambas por igual	106	33,4	14,5
n.s. ; n.c.	2	,6	1,7
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 14.** Onde aprenden mellor os nenos a comunicarse cos demais

#### **e. A observar e explorar o seu entorno (ser curioso, preguntar...)**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe CIS*</b>
Na familia	21	6,6	25,8
Na escola	67	21,1	44,6
Ambas por igual	227	71,6	26,7
n.s. ; n.c.	2	,6	3,2
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas na mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 15.** Onde aprenden mellor os nenos a explorar o seu entorno.

#### **f. As rutinas e normas (horarios, ser obediente...)**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe CIS*</b>
Na familia	8	2,5	27,9
Na escola	159	50,2	50,2
Ambas por igual	148	46,7	19,9
n.s. ; n.c.	1	,3	2,2
Total	316	99,7	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 16.** Onde aprenden mellor os nenos as rutinas as normas.

Os alumnos tanto de maxisterio como de técnico especialista manteñen a elección de *ambas por igual* na maioría das súas respostas,( a diferenza das porcentaxes nesta opción entre a enquisa aos alumnos e o barómetro do CIS debese a que o dos alumnos é un cuestionario escrito a diferenza do CIS que era a modo de entrevista e no que a resposta de *ambas por igual* non se lía).Por elo, seguramente, ten máis importancia as porcentaxes de respostas que escollen calquera das outras opcións, por exemplo: que é na escola onde mellor

aprenden a *comunicarse cos demais* (63,1%), táboa 14. e onde mellor aprenden tamén *as rutinas e as normas* (50,2%), táboa 16.

A cidadanía en xeral polariza máis as súas respostas entre a familia e a escola, así asígnalle a familia o rol de : expresar as necesidades básicas,táboa 11., resolvelas,táboa 12., e controlar o seu corpo, táboa 13., e a escola: comunicarse cos demais, táboa 14., observar e explorar, táboa 15., e ser obediente,táboa 16., toda unha declaración de intencións.

### **Que é importante nunha gardería ou nunha escola infantil (para recibir unha atención de calidade)**

Sobre a elección de escoller as cuestións importantes dunha escola infantil ou gardería as preguntas estaban divididas en dos bloques, un no que se pedía que escolleran sobre un grupo de opcións o que consideraban máis importante e o segundo en importancia, outra na que se lles pedía que valoraran nunha escala de importancia esas mesmas cuestións.

#### **A hora de escoller un centro, cal sería o máis importante?**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe CIS*</b>
Locais amplos e ben acondicionados	37	11,7	8,2
Poucos nenos por aula	13	4,1	5,0
Un programa de educación específico	14	4,4	10,5
Persoal cariñoso e afectuoso	95	30,0	24,9
Que ofrezca flexibilidade de horario	10	3,2	4,0
Unha alimentación correcta e equilibrada	12	3,8	7,3
Que o persoal teña un título oficial	59	18,6	34,5
Que teña ensino de idiomas	2	,6	1,0
Que teña transporte	1	,3	,6
Outra	2	,6	,6
N.S.	4	1,3	3,4
Total	249	78,5	100,0
Perdidos	68	21,5	,0
Total	317	100,0	100,0

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 17.** O máis importante para escoller un centro.

Neste primeiro formato de pregunta as opcións son excluíntes só se pode escoller unha como máis importante e outra como segunda en importancia. Como veremos no seguinte formato (táboa 19 a 27) as opcións poden obter todas a máxima puntuación de importancia, polo que se configura un bloque de respostas un pouco diferente. Sorprende un pouco que sexa a cidadanía (respostas do CIS) a que considera máis importante que o persoal teña título oficial que os propios alumnos da titulación tanto en primeira como en segunda opción. Despois a importancia se reparte entre *persoal cariñoso, locais amplos, alimentación correcta e equilibrada*, táboa 17.

### **E cal sería o segundo máis importante?**

	<b>Frecuencia</b>	<b>Porcentaxe</b>	<b>Porcentaxe CIS*</b>
Locais amplos e ben acondicionados	67	21,1	14,1
Poucos nenos por aula	20	6,3	7,1
Un programa de educación específico	15	4,7	10,9
Persoal cariñoso e afectuoso	47	14,8	20,4
Que ofrezca flexibilidade de horario	15	4,7	7,9
Unha alimentación correcta e equilibrada	39	12,3	18,8
Que o persoal teña un título oficial	28	8,8	12,3
Que teña ensino de idiomas	6	1,9	2,1
Que teña transporte	2	,6	1,4
Outra	2	,6	,5
N.S.	3	,9	3,5
	5	1,6	1,0
<b>Total</b>	<b>249</b>	<b>78,5</b>	<b>100,0</b>
Perdidos	68	21,5	,0
<b>Total</b>	<b>317</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

(\*) Porcentaxe de respostas a mesma pregunta no barómetro do CIS 2778

**Táboa 18.** O segundo máis importante para escoller un centro.

## En que medida son importantes as seguintes características nun escola infantil ou gardería?

Como dicía, neste bloque de preguntas os alumnos poden maximizar as súas respostas, se así o desexan, poden considerar *moi importante* todas as opcións que se lles ofrecen, polo que hai que fixarse máis nas porcentaxes baixas, nos ofrecen máis información.

### a. Que o persoal teña un título oficial.

